

NOME E APELIDOS:

PRIMEIRO EXERCICIO DA CONVOCATORIA DUNHA PRAZA EN PROPIEDAD DE OFICIAL ELECTRICISTA (PERSONAL FUNCIONARIO) DO CONCELLO DA ESTRADA

Consta de 40 preguntas tipo test con catro posibles respostas das que só unha é a verdadeira.

Marcar cunha X a que considere verdadeira, en caso de corrección, marcar cun círculo a errónea e marcar novamente cunha X a que considere válida.

Inclúense catro preguntas de reserva que deberanse de contestar igualmente.

Cada resposta correcta suma 0,25 puntos (de acordo co disposto na Base sétima das da convocatoria, aprobadas por Decreto da Alcaldía nº 2021-0700, de 14 de xuño, modificadas por Decreto nº 2021-1413, de 18 de novembro).

O tempo máximo para realizar este exercicio é de 50 minutos

1.- A nacionalidade española adquirese, consérvase e pérdese de acordo co establecido por:

- a) A Constitución
- b) A Lei
- c) Os regulamentos.
- d) Os Estatutos

2.- Sinala a correcta:

- a) A relixión católica terá carácter estatal
- b) Todas as relixións terán carácter estatal
- c) Ningunha confesión terá carácter estatal
- d) Ningunha é correcta

3.- Segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, en relación co silencio administrativo, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sinala a resposta correcta:

- a) A desestimación por silencio administrativo ten a todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento.
- b) Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo.
- c) O silencio terá efecto estimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, ao que se refire o artigo 29 da Constitución.
- d) Os actos administrativos producidos por silencio administrativo producen efectos desde que se expida o certificado acreditativo dos mesmos.

4.- Ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, corresponde exclusivamente aos funcionarios de carreira ao servizo da Administración:

- a) O exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais.
- b) Aquelas funcións que impliquen exercicio da autoridade.
- c) Aquelas funcións que no desenvolvemento da Lei 7/1985 sexan reservadas a estes funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función.
- d) Todas as anteriores respostas son correctas.

5.- Segundo o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a idade mínima e a idade máxima de acceso ao emprego público é, respectivamente:

- a) 16 anos cumpridos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) 16 anos, sendo a idade máxima 60 anos.
- c) 18 anos cumpridos, sen que exista ningunha idade máxima de acceso.
- d) Non existe límite de ningún tipo, senón ter a titulación e superar o proceso selectivo correspondente.

6.- O artigo 16.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que cada Administración disporá de:

- a) Un Rexistro Electrónico Xeral, no que farase o correspondente asento de todo documento que sexa presentado nos organismos públicos estatais e locais.
- b) Un Rexistro Xeral, no que farase o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que sexa recibido en calquera órgano administrativo, organismo público ou entidade, incluso os non vinculados a estes.
- c) Un Rexistro Xeral, no que faranse os asentos de calquera documento que sexa presentado ou que sexa recibido en calquera órgano administrativo.
- d) Un Rexistro Electrónico Xeral, no que farase o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que sexa recibido en calquera órgano administrativo, organismo público ou entidade vinculada ou dependente destes.

7.- De acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando as normas reguladoras dos procedementos administrativos NON fixen o prazo máximo para resolver, este será:

- a) Seis meses
- b) Un mes
- c) Dous meses
- d) Tres meses

8.- ¿Cales son todas as formas de iniciación dos procedementos administrativos segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas?:

- a) De oficio, a instancia de parte ou mediante denuncia.
- b) De oficio, en todo o caso.
- c) Sempre será necesario unha instancia por escrito do cidadán ante o órgano correspondente.
- d) De oficio ou a solicitude do interesado.

9.- De acordo co artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o número de Deputados do Parlamento de Galicia, fíxase entre:

- a) 60 e 75
- b) 60 e 70
- c) 60 e 80
- d) 70 e 80

10.- ¿Que rango normativo ten o Estatuto de Autonomía de Galicia?:

- a) Decreto Lexislativo
- b) Decreto Lei
- c) Lei ordinaria
- d) Lei orgánica

11.- ¿Con que material son construídos os condensadores?

- a) Cun condutor de cobre enrolado en espiral sobre un núcleo neutro, frecuentemente de material magnético.
- b) Con dúas placas metálicas ou armaduras separadas por unha substancia non condutora (dieléctrico).
- c) Cunha mestura de materiais, carbón e un aglutinante adecuado, moldeado en forma de cilindro onde se fixan condutores de cobre envoltos baixo unha cuberta de plástico ou cerámica.
- d) Dous núcleos de material férrico formados por un número de láminas illadas entre si, aos que lle foron enroladas unha bobina en cada núcleo.

12. Os interruptores automáticos que evitan o paso de corrente de intensidade perigosa para o corpo humano son:

- a) Os interruptores magneto térmicos.
- b) Os interruptores diferenciais.
- c) Os fusibles.
- d) Os interruptores seccionadores.

13.- O Regulamento Electrónico para Baixa Tensión di que a frecuencia empregada na rede será de:

- a) 125 Hz.
- b) 70 Hz.
- c) 50 Hz.
- d) 40 Hz.

14.- ¿Cal destes instrumentos utilízase para medir ou comprobar a continuidade dun circuíto?

- a) O óhmetro.
- b) O amperímetro.
- c) O polímetro.
- d) O comprobador de diferenciais.

15.- Existen varias formas de representar os circuitos e instalacións eléctricas. Na seguinte relación aparecen algunhas delas, sinala cal destas formas NON se utiliza na representación de circuitos e instalacións:

- a) Unifilar.
- b) Multifilar.
- c) Diédrica.
- d) Distribución de planta.

16.- Serán obxecto de inspeccións periódicas todas as instalacións en baixa tensión que precisaron inspección inicial. ¿Cada canto tempo realizaranse estas inspeccións?

- a) Cada tres anos
- b) Cada dez anos
- c) Cada cinco anos
- d) Cada dezaseis anos

17.- A coordinación dos dispositivos de corte, para que un defecto proveniente dun punto calquera da rede sexa eliminado pola protección situada inmediatamente augas arriba do defecto e só por ela, denomínase:

- a) Selectividade de la protección.
- b) Curvas de funcionamento.
- c) Curvas de disparo.
- d) Poder de corte.

18.- O Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión establece as tensións nominais usualmente utilizadas nas distribucións de corrente alterna. Sinale que tensión nominal utilízase para as redes trifásicas de 4 condutores.

- a) 125 V entre fase e neutro y 220 V entre fases.
- b) 220 V entre fase e neutro y 380 V entre fases.
- c) 230 V entre fase e neutro y 400 V entre fases.
- d) 127 V entre fases.

19.- Tódolos condutores de fase ou, no seu caso, aqueles para os que non se prevea o seu pase posterior a neutro, identificaranse polo cor ou cores:

- a) Azul claro.
- b) Amarelo
- c) Verde.
- d) Marrón ou negro.

20.- As lámpadas de vapor de sodio de baixa presión teñen unha moi mala reprodución dos cores (IRC). Indique cal é o seu valor.

- a) IRC de 80.
- b) IRC de 40 a 60.
- c) IRC entre 60 e 80.
- d) IRC nulo.

21.- O transformador de medida de tensión utilízase para medir en alta tensión, sendo a máxima tensión no secundario de:

- a) 110 V.
- b) 220 V.
- c) 400 V.
- d) 380 V.

22.- ¿Cantos amperios (A) son 300 miliamperios (mA)?

- a) 0,3 (A).
- b) 0,003 (A).
- c) 3 (A).
- d) 0,03 (A).

23.- As lámpadas de descarga de gas a baixa presión por indución diferénciase do resto porque substitúese o eléctrodo central por:

- a) Un filamento.
- b) Un semiconductor
- c) Unha antena.
- d) Un casquillo.

24.- ¿Como se conecta o primario dos transformadores de intensidade con respecto á carga?

- a) En paralelo.
- b) En serie.
- c) En estrela.
- d) En triángulo.

25.- ¿Que Instrucción Técnica complementaria lle será de aplicación a un local comercial como bibliotecas, consultorios médicos e establecimientos comerciais, si a súa ocupación prevista é superior a 50 persoas:

- a) ITC-BT- 28 Instalacións en locais de pública concorrencia.
- b) ITC-BT- 30 Instalacións en locais de características especiais.
- c) ITC-BT- 49 Instalacións eléctricas en mobles.
- d) ITC-BT- 26 Instalacións interiores en vivendas. Prescritores xerais de instalación.

26.- Se queremos medir a potencia en corrente alterna monofásica, necesitamos:

- a) Un voltímetro e un amperímetro.
- b) Un vatímetro.
- c) Un fasímetro.
- d) Un reóstato.

27.- ¿Que vantaxe teñen os fusibles fronte aos interruptores automáticos?

- a) En sistema trifásico, se se funde unha soa fase poden seguir funcionando as máquinas sobrecargando as outras dúas fases.
- b) Dificultade de protección contra sobrecargas.
- c) En labores de mantemento pódese substituír un fusible por outro de calibre superior obténdose unha falsa protección.
- d) Non requiren mantemento, axuste ou probas como os interruptores.

28.- Nas redes de alimentación para iluminación exterior:

- a) Os condutores de Al terán unha tensión asignada de 0,6 \ / 1KV.
- b) Os condutores de Cu terán unha tensión asignada de 0,6 \ / 1KV.
- c) Os condutores serán só de Cu e unipolares.
- d) Os condutores serán de Ag.

29.- A lámpada de luz mezcla caracterízase por:

- a) Pode considerarse un híbrido entre as incandescentes e as de descarga.
- b) É a lámpada de descarga que ten un mellor rendemento .
- c) Caracterízase por ter un balasto especial para o seu acendido.
- d) O seu casquillo está especialmente illado da cápsula de vidro debido á forte calor que desprende.

30.- Considéranse de pública concorrencia:

- a) As salas de xogo de azar cunha ocupación prevista de 50 persoas.
- b) Os centros de ensino cunha superficie útil de máis de 40 m².
- c) Os aparcadoiros abertos con capacidade para máis de 3 vehículos.
- d) Os que permiten a entrada de mascotas.

31.- Para desconectar un transformador de 15 KV. ¿Que se desconecta primeiro para que non haxa arco eléctrico?

- a) O Seccionador.
- b) Os fusibles.
- c) O interruptor de alta.
- d) O interruptor de baixa.

32.- De acordo cos principios de acción preventiva, o orde de actuación do empresario sería:

- a) Evitar os riscos, protexer colectivamente e protexer individualmente.
- b) Evitar os riscos, avaliar os inevitables, antepoñer a protección colectiva á individual.
- c) Protexer colectivamente, avaliar os riscos, evitar os riscos.
- d) Avaliar os riscos, protexer individualmente, evitar os riscos.

33.- Nun circuío, a corrente convencional circula desde:

- a) Os puntos de menor a maior potencial.
- b) Os puntos de igual potencial.
- c) Os puntos de maior cara aos de menor potencial.
- d) Os puntos de menor potencial a neutro.

34.- A previsión de potencia para unha vivenda de nova construción, deberá de fixarse de acordo coa compañía subministradora, con todo non deberá de ser inferior a:

- a) 5700 W a 230 V en grado de electrificación básica e non inferior a 9500 en elevada.
- b) 5750 W a 230 V en grado de electrificación básica e non inferior a 9200 en elevada.
- c) 5750 W a 230 V en grado de electrificación básica e non inferior a 9500 en elevada.
- d) 5700 W a 230 V en grado de electrificación básica e non inferior a 9200 en elevada.

35.- En locais de pública concorrencia as iluminacións de emerxencia deben de ter unha alimentación automática e autónoma e deben de ser de corte breve, estas poden ser de varios tipos dependendo do uso:

- a) De seguridade, de evacuación, antipánico, de zonas de alto risco e reampliable.
- b) De seguridade, de evacuación, anti incendios, de zonas de alto risco e reampliable.
- c) De seguridade, de evacuación, antipánico, de zonas de alto risco e de remprazamento.
- d) De seguridade, de evacuación, anti incendios, de zonas de alto risco e de remprazamento.

36.- ¿Cal é o aparello de medida usado para medir a toma de terra?

- a) Analizador de liñas.
- b) Telurómetro.
- c) Terrómetro.
- d) Skimer electrónico.

37.- A iluminación de emerxencia con xeración autónoma ¿que autonomía e nivel de iluminación deber de ter?

- a) 15 minutos e 5 lux.
- b) 30 minutos e 5 lux.
- c) 1 hora e 5 lux.
- d) 2 horas e 5 lux.

38.- ¿Que instrumento de medida utilizaremos se se necesita medir a resistencia de illamento dunha instalación eléctrica?

- a) Un megóhmetro.
- b) Un fasímetro.
- c) El voltímetro.
- d) El polímetro.

39.- ¿Que normativa teñen que cumprir as luvas e manoplas illantes para traballos eléctricos?

- a) En 60700 – 2003
- b) En 60506 – 2003
- c) En 60903 – 2003
- d) Todas son correctas

40.- ¿Cal destas características ou vantaxes definen ás lámpadas LED?

- a) Alta eficiencia luminosa, xeran pouco calor, longa vida útil (50.000 a 100.000 h).
- b) Luz branca de alta calidade, sen parpadeos nin escintileos, vida útil (60.000 h).
- c) Necesitan equipo de arranque, tempo de acendido 4 e 5 minutos.
- d) Son baratas e fáciles de instalar, baixa eficiencia luminosa e curta vida.

PREGUNTAS DE RESERVA:

1.- Segundo o artigo 84.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poñerán fin ao procedemento:

- a) A resolución, o desestimento, a renuncia ao dereito no que se funde a solicitude e a declaración de caducidade.
- b) A resolución, o desestimento, a renuncia ao dereito no que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- c) A resolución, o desestimento, a renuncia ao dereito no que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico.
- d) A resolución, o desestimento, a renuncia ao dereito no que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, a declaración de caducidade e a recusación.

2º.- España propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico:

- a) A liberdade, a imparcialidade, a equidade e o pluralismo social.
- b) A autonomía, a xustiza, a equidade e o pluralismo social.
- c) A autonomía, a imparcialidade, a igualdade e o pluralismo político.
- d) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

3º.- Os Ohmios son:

- a) Voltios partidos por amperios.
- b) Amperios partidos por culombios.
- c) Culombios partidos por voltios.
- d) Vatios partidos por culombios.

4º.- Os interruptores automáticos magnetotérmicos:

- a) Son para aparellos eléctricos de alto consumo.
- b) Son para aparellos eléctricos de medio consumo.
- c) Son para aparellos eléctricos de baixo consumo.
- d) Protexen de curtocircuitos.